



**CIFP COMPOSTELA**

## Programas internacionais

# Erasmus 2014 - 2020





## Índice

|   |          |
|---|----------|
| <b>1. Erasmus 2014 - 2020 .....</b>   | <b>3</b> |
| 1.1 Organización xeral / General organisation.....  | 3        |
| Historia e identificación do centro.....  | 3        |
| Estructura actual del centro.....   | 3        |
| Áreas de traballo.....  | 4        |
| Criterios de selección do alumnado.....   | 4        |
| Busca de empresas.....  | 5        |
| Elaboración de acordos de prácticas .....   | 5        |
| Procedemento de comunicación ao alumnado de convocatorias e prazos. ....  | 5        |
| Seguimento da mobilidade, avaliación, recoñecemento do período de prácticas, difusión. ....   | 5        |
| 1.2 Principios fundamentais / Fundamental principles.....   | 6        |
| Sistema de créditos académicos e a metodoloxía utilizada.....   | 6        |
| 1.3 Antes das mobilidades / When Participating in Mobility Activities - Before mobility.....  | 6        |
| Catálogo de cursos.....   | 6        |
| Procedemento para acordos inter institucionais. ....  | 7        |
| Procedemento para acordos de aprendizaxe, FCT (prácticas en empresas).....  | 7        |
| 1.4 Durante as mobilidades / When Participating in Mobility Activities - During Mobility .....  | 7        |
| Política lingüística.....   | 7        |
| Titoría.....  | 8        |
| Apoio ao alumnado entrante coa lingua galega ou española.....   | 8        |
| 1.5 Despois das mobilidades / When Participating in Mobility Activities - After Mobility .....  | 8        |
| Procedemento de recoñecemento das mobilidades de prácticas e estudos .....  | 8        |
| Avaliación e recoñecemento. ....  | 9        |
| Medidas de apoio, promoción e recoñecemento da mobilidade .....   | 9        |
| 1.6 Participación en proxectos de cooperación europea e internacional / When Participating in European and International Cooperation Projects ..... | 10       |
| 1.7 Declaración de Política Erasmus (estratexia global) / Erasmus Policy Statement (Overall Strategy).....  | 10       |
| 1.8 Metodoloxía para executar proxectos con outros centros / Methodology to fulfill projects with other schools .....                               | 12       |
| 1.9 Impacto esperado da participación no programa / Expected impact of the participation in the program.....  | 13       |





# 1. Erasmus 2014 - 2020

## 1.1 Organización xeral / General organisation

### Historia e identificación do centro

O Centro foi inaugurado no ano 1967, como Escola Sindical de Hostalería e Turismo de Santiago recibindo o nome posteriormente de I.E.S. COMPOSTELA, e actualmente **C.I.F.P. COMPOSTELA**. No ano Santo 1971 trasládase ao Politécnico de Santiago, onde se imparten clase ao longo de dous anos. No ano 1973 trasladouse á actual sede, que por entón foi creado como Hotel Escola funcionando só como Escola.

### **Durante toda a súa etapa como centro, dependeu dos seguintes organismos:**

1967-1976: Organización Sindical

1976-1978: A.I.S.S. (Presidencia del Gobierno)

1978-1983: I.N.E.M (Ministerio de Trabajo)

1983-1987: M.E.C. (Ministerio de Educación e Ciencia)

1988-Actualidade: **(Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia)**

Concretando máis o seu percorrido histórico, cabe destacar por exemplo, que no ano 1970, o Centro foi autorizado polo M.E.C.(Ministerio de Educación y Ciencia) para impartir ensinanzas de Formación Profesional regrada de Primeiro Grao. No ano 1976, a Escola foi homologada para Primeiro e Segundo Grao de Formación Profesional, dependendo do Instituto Politécnico de Santiago e no ano 1983 o Centro foi transferido ao Ministerio de Educación y Ciencia e dende ese momento pasa a formar parte da rede de Institutos de Formación Profesional. Pertence por entón ao M.E.C., ata a súa transferencia á Xunta de Galicia, polo R.D. 18/12/1987 pasando a depender dende ese momento, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia tal e como xa se mencionou. Transformouse en centro integrado en virtude do Decreto 325/2003 (D.O.G. de 4 de agosto de 2003)

Por este centro pasaron alumnos de toda España e moi particularmente de Asturias, Castela e León, Cantabria, Euskadi e mesmo de Canarias ata que nas respectivas Comunidades Autónomas foron creando centros de formación en hostalería. Aínda así figura entre un dos centros preferidos polo alumnado galego para vir ata Santiago a recibir esta formación, feito demostrado ano tras ano coa demanda de prazas nos diferentes Ciclos Formativos que se ofertan.

### Estructura actual del centro

Cuenta con un máximo organismo de consulta y capacidad de decisiones, el Consejo Social en el que se encuentran representados: profesorado, Administración Central (Consellería de Educación, Cultura y Ordenación Universitaria), sindicatos, sector empresarial, secretaría y dirección del centro.





## Áreas de traballo

A organización do centro está estruturada en tres Áreas, que á súa vez engloban a xefaturas de departamentos e coordinacións.

| Área de administración e xestión       | Área de calidade, innovación e orientación profesional         | Área de formación                                      |
|--|--|--|
| Xefatura de área                       | Xefatura de área   | Xefatura de área                                       |
| Xestión económica                      | Departamento de calidade e innovación                          | Departamento de Hostalería e Turismo                   |
| Xestión administrativa                 | Coordinación de innovación e formación do profesorado          | Departamento de Servizos socioculturais e á comunidade |
| Xestión material                       | Coordinación de tecnoloxía da información e comunicación (TIC) | Departamento de industrias alimentarias                |
| Comisión de seguridade e saúde alboral | <b>Coordinación programas internacionais</b>                   | Departamento de artes gráficas                         |
|  | Departamento de relación con empresas                          | Departamento de formación e orientación laboral        |
|  | Departamento de acreditación e probas                          | Departamento de dinamización de idiomas                |
|  | Departamento de información e orientación profesional          | Coordinación de biblioteca                             |
|  | Coordinación de emprendemento                                  | Equipo de dinamización da lingua galega                |

Da coordinación de programas internacionais depende a responsabilidade de organización, planificación e xestión relacionada con programas europeos, tendo parelo dedicación en horario semanal, para atender as tarefas relacionadas con proxectos europeos entre o persoal do centro. Tamén coordina a selección do alumnado e a publicidade sobre ERASMUS, no centro e nesta páxina web.

Comisión de elaboración, seguimento e avaliación do proxecto Erasmus 2014-2020 do CIFP Compostela

- Xefe da área de formación.
- Xefe da área de administración e xestión.
- Xefe da área de calidade, innovación e orientación profesional.
- Xefe do departamento de Hostalería e Turismo.
- Xefe do departamento de Servizos Socioculturais e á Comunidade.
- Xefe do departamento de linguas estranxeiras.
- Xefe do departamento de relación con empresas.
- Coordinador de programas internacionais.

## Criterios de selección do alumnado

A puntuación será acordada e outorgada polo profesorado de cada equipo docente do alumnado, tendo en conta os seguintes criterios:

| PUNTUACIÓN PARA ACCESO A BECA |   |   | % TOTAL | Media | NOTA |
|-------------------------------|---|---|---------|-------|------|
| 1                             | Expediente académico (1)  | Nota media do 1º curso. <b>Mínimo media de 6,00 puntos.</b>   | 40 %    |       |      |
| 2                             | Coñecemento de idiomas (2)  | Proba oral e escrita en función do país receptor da mobilidade. Francés, Inglés ou Italiano. <b>Mínimo nivel equivalente a B1</b> | 30 %    |       |      |
| 3                             | Grao de comunicación, autonomía persoal, responsabilidade, madurez e motivación. <b>Mínimo 5,00 puntos.</b> (3) |   | 30 %    |       |      |
| TOTAL PUNTUACIÓN              |   |   | 100 %   |       |      |





## Busca de empresas

O centro conta cunha carpeta de empresas colaboradoras e institucións, coas que se pretende continuar colaborando.

Pretendemos aumentar progresivamente dita carpeta de colaboradores, mediante visitas preparatorias, contactos con antigos alumnos no estranxeiro, experiencias de outros CIFP en Galicia, dos que con frecuencia nos facilitan empresas e sobre todo institucións con formación en especialidades similares ás que nós impartimos e información que nos chega do OAPPEE referente a empresas institucións interesadas en colaborar con nós.

## Elaboración de acuerdos de prácticas

Unha vez identificada a empresa ou institución e recibido o compromiso de colaboración, asinarase un acordo de colaboración (anexo I de FCT fora do estado español), entre a mesma e o CIFP Compostela, por cada período de formación, no que se incluírán os datos da empresa e/ou institución, os do CIFP Compostela e os do alumnado que acollerá no citado período de formación.

Paralelamente engadirase a este acordo (anexo I de FCT fora do estado español), un acordo ou programa formativo do alumnado (anexo II de FCT). Este documento servirá para o seguimento da formación do alumno na empresa e/ou institución como certificado oficial, unha vez rematado o período de formación e deberá ser asinado por un representante da empresa e/ou institución, declarando ao alumnado apto ou non apto.

## Procedemento de comunicación ao alumnado de convocatorias e prazos.

A través da páxina web do centro e no taboleiro de anuncios, exporase publicamente as diferentes convocatorias de mobilidades e prazos de presentación na secretaría do CIFP Compostela.

Establécense dúas convocatorias para a solicitude de mobilidades Erasmus:

|   |  |                    |
|---|--|--------------------|
| 1 | Para alumnado que cursará a FCT no 2º trimestre do curso (abril-maio-xuño)           | Outubro a novembro |
| 2 | Para alumnado que cursará a FCT no 1º trimestre do curso (outubro-novembro-décembro) | Abril a maio       |

Deberase cubrir en formulario facilitado na secretaría do centro.

O alumnado matriculado en ciclos de grao superior, será informado polo titor/a durante o 1º trimestre do curso, sobre ditas mobilidades e posibilidades de formación en empresas o e/ou institucións en países da comunidade europea, e aqueles outros países que non sendo da comunidade europea, con convenio específico en vigor.

## Seguimento da mobilidade, avaliación, recoñecemento do período de prácticas, difusión.

É competencia do seguimento da formación do alumnado, o titor/a do mesmo.





## 1.2 Principios fundamentais / Fundamental principles

### Sistema de créditos académicos e a metodoloxía utilizada

Para os efectos de facilitar o réxime de validacións entre estes títulos e as ensinanzas universitarias de grao, no currículo de cada ciclo formativo de grao superior foron asignados por Decreto, 120 créditos ECTS distribuídos entre os módulos profesionais.

Los ciclos superiores que se imparten no CIFP Compostela son: CS Educación Infantil, CS de Dirección de Servizos en Restauración e CS de Dirección en Cociña.

Os créditos asignados, veñen dados nos currículos profesionais publicados pola Consellería de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, ao amparo de la Lei de Ordenación Educativa (LOE), así para o módulo de Formación en Centros de Trballo dos ciclos superiores, establécense un número de créditos ECTS equivalente a 22 (384 horas de formación).

Os ECTS recoñecidos para o alumnado dos ciclos formativos de grao superior que ofertamos no CIFP Compostela reflíctense nos diferentes suplementos Europass ao Título Superior emitidos como complemento ao título oficial. O recoñecemento dos ECTS ((European Credit Transfer System), asignados as prácticas que o alumnado realiza no estranxeiro, realizase seguindo o seguinte procedemento:

1. O alumnado debe acreditar a realización das prácticas de mobilidade Erasmus, no marco do Programa de Aprendizaxe Permanente da Unión Europea, mediante o certificado de estancia (certificate of attendance) expedido pola empresa ou institución europea onde se houberan levado a cabo.
2. Revisada a documentación, procedese a emitir para cada alumno/a o suplemento Europass ao título de Técnico Superior, no que se lle outorgan 22 ECTS, correspondentes ao módulo de Formación en Centros de Trballo.

## 1.3 Antes das mobilidades / When Participating in Mobility Activities - Before mobility

### Catálogo de cursos

Todos os cursos que se imparten no CIFP Compostela están incluídos no catálogo ou relación de cursos descritos na páxina web do centro. Esta información inclúe a relación de ciclos formativos, módulos profesionais de cada ciclo, resultados de aprendizaxe de cada módulo, horas de formación, período ou nivel de formación e créditos ECTS equivalentes a cada módulo profesional.

Toda a información de ciclos formativos impartida no CIFP Compostela está en galego e inglés.

Enlace de acceso: <http://www.edu.xunta.es/centros/cifpcompostela/?q=category/4/41/45/51>





### Procedemento para acordos inter institucionais.

- Contacto con representantes da institución por teléfono, correo electrónico, visita preparatoria ou outra canle de comunicación dispoñible, co fin de analizar a dispoñibilidade da mesma de recibir e facer o seguimento do alumnado en formación.
- Asinado de acordo de colaboración entre a institución e o CIFP Compostela (Anexo III)\*, con asignación incluída de alumnado e período de formación.
- Busca e/ou colaboración para o aloxamento do alumnado, por parte da institución asinante.
- Envío de toda a documentación que debe ser acordada e asinada entre as empresas seleccionadas e o CIFP Compostela (procedemento de acordos de aprendizaxe, FCT).

### Procedemento para acordos de aprendizaxe, FCT (prácticas en empresas).

- Identificación da empresa e os seus departamentos de actividade produtiva, onde o alumnado pode levar a cabo as actividades produtivo formativas.
- Contacto con representantes da empresa por teléfono, correo electrónico, visita preparatoria ou outra canle de comunicación dispoñible, co fin de analizar a dispoñibilidade da empresa de recibir alumnado en formación.
- Reunión do titor co equipo docente do alumnado, para distribución de alumnado e empresas dispoñibles.
- Acordo entre empresa e CIFP Compostela do programa/s formativo/s (anexo II)\*, (un por cada tipo de ensinanza), período de formación e áreas ou departamentos produtivos onde realizará as prácticas o alumnado.
- Asinado de acordo de colaboración entre empresa e CIFP Compostela (Anexo I)\*, con asignación incluída de alumnado e período de formación e anexo II (plan individualizado ou programa formativo). Mínimo dous meses antes do inicio da actividade formativa.
- Solicitud de autorización para a estadía de formación (anexo IV)\*, as autoridades educativas da Consellaría de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

\* Orde do 24 de maio de 2005 (D.O.G. do 13 de xuño de 2005)

[http://www.xunta.es/dog/Publicados/2005/20050613/Anuncio15F1A\\_gl.pdf](http://www.xunta.es/dog/Publicados/2005/20050613/Anuncio15F1A_gl.pdf)

## 1.4 Durante as mobilidades / When Participating in Mobility Activities - During Mobility

### Política lingüística

Ao alumnado interesado en participar nunha mobilidade se lle informa de que debe complementar os seus estudos de idiomas no centro con clases particulares, asistencia a escola





de idiomas e/ou asistir, de ser seleccionado para a mobilidade, a cursos intensivos presenciais e específicos do profesorado de idiomas durante un trimestre. Este alumnado deberá acreditar o seu nivel de coñecemento do idioma que se requira a través dunha proba oral e/ou escrita.

O centro tamén está inmerso nun programa de cualificación lingüística (programa CUALE, da Consellaría de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria, da Xunta de Galicia), na que poden participar os alumnos interesados.

### Titoría

O centro de acollida e, de ser o caso, a propia empresa tamén de acollida, no país de destino, deberán dispor dunha persoa encargada de actuar como titor do alumno/a que vaian acoller, e deberán facilitar todos os datos que o titor ou coordinador do centro de orixe precisara.

O docente encargado da titoría no centro educativo de orixe manterá contacto periódico, como mínimo cada quince días, co alumno en formación e co titor do centro de traballo de acollida, coa finalidade de facer o seguimento da estadia.

Para o alumnado procedente doutros estados acollido con mediación de centros educativos para a realización de formación práctica en centros de traballo situados no territorio de Galicia, o titor designado polo centro educativo deberá realizar o seguimento de xeito presencial, para o que deberá cursar, cando menos, dúas visitas ao centro de traballo, unha para a presentación e outra ao longo do período que dure a estadia.

### Apoio ao alumnado entrante coa lingua galega ou española

O centro conta con varios profesores acreditados en diferentes idiomas, para a preparación lingüística que se require para impartir nos ciclos formativos que ofertamos, polo que poderíamos dispor de 2 ou 3 horas, durante 2 días á semana, para reforzar a preparación lingüística dos alumnos e profesores que elixiran o noso centro como socio de acollida. Tamén sería posible invitalos a participar nas clases de idiomas co noso alumnado.

## 1.5 Despois das mobilidades / When Participating in Mobility Activities - After Mobility

### Procedemento de recoñecemento das mobilidades de prácticas e estudos

Identifícanse tres modalidades de estadias formativas:

Modalidade A. Estadias formativas realizadas en centros de traballo situados fóra do Estado español.

Modalidade B. Estadias formativas realizadas en centros de traballo situados fóra do Estado español, como parte práctica complementaria do currículo oficial.

Modalidade C. Estadias formativas en centros de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia realizadas por alumnado estranxeiro que se acolla a algún programa.







### Avaliación e recoñecemento.

A realización do programa formativo establecido para as estadias da modalidade A será avaliada segundo o recollido na normativa vixente que regula o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional específica.

A realización das estadias de modalidade B, por non ter carácter obrigatorio, non está suxeita a unha avaliación favorable para acadar a certificación que lle corresponda. Porén, as actividades realizadas pasarán a formar parte do currículo da persoa que as realiza.

O CIFP Compostela arquivará copia, no expediente do alumno, da documentación relativa á xestión, ao seguimento e á avaliación das estadias realizadas fóra do Estado español. No caso das estadias da modalidade A, segundo o disposto na normativa reguladora do desenvolvemento do módulo de formación en centros de traballo vixente en cada momento. Nas estadias de modalidade B, arquivarase no expediente persoal de cada alumno copia da documentación recollida.

A secretaría do CIFP Compostela certificará, por petición do alumno, a realización e, de ser o caso, a superación das estadias formativas realizadas fóra do Estado español.

O CIFP Compostela recoñecerá, polo tanto, ao alumnado os resultados acadados nas súas prácticas en empresas a través de varios documentos, que emitirán o departamento de Relación con empresas ou o coordinador de programas europeos:

- Plan individualizado no que se recollen as tarefas previstas e realizadas durante as prácticas, que asina e sela o titor/a da empresa.
- Follas de actividades diarias realizadas na empresa, nas que se especifican as datas de realización das tarefas e a súa duración, que asinarán o alumno e o titor/a.
- Suplemento ao título, no que se recoñecen 22 créditos asociados ao módulo de formación en centros de traballo que realiza o alumnado nas empresas, selado polo centro.

NORMATIVA EN VIGOR ALICABLE: Orde do 24 de maio de 2005 (D.O.G. do 13 de xuño de 2005)

[http://www.xunta.es/dog/Publicados/2005/20050613/Anuncio15F1A\\_gl.pdf](http://www.xunta.es/dog/Publicados/2005/20050613/Anuncio15F1A_gl.pdf)

### Medidas de apoio, promoción e recoñecemento da mobilidade

Informe final do persoal docente e non docente, no que se reflicten as datas de mobilidade, actividades realizadas e resultados que asina a persoa beneficiaria, a empresa ou institución de acollida e o CIFP Compostela.

Certificado de estancia, no que figuran as datas da mobilidade, e asina e sela a institución de acollida.

A axuda á financiación da mobilidade fixarase cada curso en función do orzamento asignado á coordinación de programas europeos e das solicitudes de mobilidade do persoal recibidas. Ao inicio do curso se informará sobre a mobilidade e se realizará algunha sesión de motivación para o persoal ou de mobilidade Europass.

<http://www.edu.xunta.es/fp/estadias-formativas-en-empresa>







## 1.6 Participación en proxectos de cooperación europea e internacional / When Participating in European and International Cooperation Projects

A nosa estratexia de creación de proxectos de cooperación basearase nos seguintes puntos:

- Elección entre os nosos actuais colaboradores de socios de proxecto, e establecemento de prioridades xeográficas e sectoriais.
- Creación de obxectivos conxuntos que permitan a transferencia de coñecemento e uso de novas tecnoloxías (blogs, redes sociais, facebook,...) en ámbitos como o turismo e a gastronomía: docencia, formación práctica, investigación, comunicación, técnicas)
- Promover mediante acordos, axudas ao financiamento.
- Impulsar a participación da comunidade educativa en todas as fases do proxecto coa realización de accións que permitan o recoñecemento da mesma a través de certificacións oficiais.

## 1.7 Declaración de Política Erasmus (estratexia global) / Erasmus Policy Statement (Overall Strategy)

O Centro Integrado de Formación Profesional Compostela é unha institución de educación pública que ten ciclos formativos relacionados coas familias profesionais: Hostalería e Turismo, Industrias Alimentarias, Servizos Socioculturais e á Comunidade e Artes Gráficas. Debido á tradición turística e sobre todo da restauración, na que ten a maior parte da oferta formativa do centro, considéranse eixes esenciais da aprendizaxe do alumnado e da formación permanente do profesorado, os idiomas e os avances tecnolóxicos e instrumentais que se suceden con rapidez nos sectores produtivos relacionados coas familias profesionais que se imparten. Ao redor destes eixes principais, o noso centro articula unha estratexia que se baseará nos seguintes puntos:

| GALEGO    | ENGLISH    |
|--|---|
| <p><b>Elección dos socios</b></p> <p>A experiencia na mobilidade de alumnado a outros países, coa que conta o noso centro céntrase principalmente na experiencia dende fai dous anos. Aínda que o centro conta non numerosas actividades conxuntas con outros centros educativos da comunidade europea, con anterioridade á participación en proxectos europeos.</p> <p>Os contactos realizados durante todos estes anos permiten que o centro conte cunha axenda de contactos cos que se asinaron acordos bilaterais que contiñan as condicións nas que se desenvolven as prácticas do alumnado, titorías, acollemento de alumnado, certificacións. Estas empresas e institucións cuxa profesionalidade foi probada ao longo destes anos serán prioritarias para futuros acordos de cooperación na mobilidade da nosa comunidade educativa.</p> <p>Teranse en conta tamén, as opinións sobre experiencias de centros que realizan mobilidades relacionadas cos nosos sectores produtivos.</p> | <p><b>Member selection</b></p> <p>The experience of students mobility to other countries, that our school has, is mainly focused in the experience acquired since two years ago . Our school has a lot of. experiences together with other European schools, previously to the participation in European programs.</p> <p>The contacts that we had along these past years allow our school to have a lot of. members with which we have signed agreements with detailed conditions to fulfill the traineeship of. students , tutoring, accommodation of. students, certificates, etc..These companies and institutions with proved professionalism along the years will be priorities for future cooperation agreements in the mobilities of. our students.</p> <p>The opinions about other schools experiences related to our productive sectors will be taken into account.</p> |







|   |  |
|---|--|
| <p><b>Prioridades xeográficas na elección dos destinos</b></p> <p>Para a elección dos destinos, teranse en conta as experiencias anteriores, a posibilidade de practicar os idiomas que se imparten no centro, as oportunidades laborais para o noso alumnado, a probabilidade de ofrecer ao noso persoal prácticas innovadoras.</p> <p>Contemplamos xeograficamente, como preferencia para as mobilidades: Portugal, Francia, Italia, Reino Unido, Alemaña, Irlanda, e Malta, previndo nun futuro abrir a posibilidade de realizar mobilidades a países emerxentes en turismo e hostalería como Croacia, Eslovaquia, ou Chipre, e calquera outro país da comunidade, cos que entendemos que poderíamos realizar interesantes intercambios de coñecementos sobre os sectores produtivos da restauración, aloxamentos turísticos e formación para a educación infantil.</p>  | <p><b>Geographic priorities in the selection of. Destinies</b></p> <p>In order to the selection of. destinies, the previous experiences will be taken into account, together with the possibility of. practising languages taught in our school, the working opportunities for our students, and the possibility of. offering innovative traineeship to our students</p> <p>We see as preferences for our mobilities the following countries: Portugal, France, Italy, United Kingdom, Germany, Ireland, and Malta, and we might be open to new possibilities in a near future in Croacia, Eslovaquia or Cyprus, and to any other country of. the European Community with which we think we could fulfill interesting interchange of. knowledge on catering , touristic accommodation and training for the childhood education.</p>  |
| <p><b>Prioridades sectoriais</b></p> <p>Prioridades sectoriais, establecendo como contactos de sumo interese para nosas mobilidades as cadeas hoteleiras, cadeas de restaurantes, centros galegos nos países da comunidade, escolas de hostalería e turismo e escolas de educación infantil.</p>  | <p><b>Sector priorities</b></p> <p>Sector priorities, establishing contacts of. great interest for our own mobilities with the hotel chains, restaurant chains, Galician associations in the countries of. The European Community , catering schools and childhood education.</p>  |
| <p><b>Obxectivos</b></p> <p>Obxectivos que pretendemos acadar coas mobilidades:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ A- Adquirir formación cultural relacionada coas familias profesionais de Hostalería e Turismo e de Servizos Socioculturais e á Comunidade.</li> <li>▪ B- Adquirir unha formación complementaria que axude ao alumnado na súa inserción no mundo laboral.</li> <li>▪ C- Impulsar a mellora dos coñecementos lingüísticos dos docentes e o alumnado.</li> <li>▪ D- Motivar e estimular á comunidade educativa na mellora da súa aprendizaxe.</li> <li>▪ E- Apoiar a colaboración entre institucións de ensino superior e de formación profesional co fin de promover programas de estudos conxuntos e actividades de mobilidade que poidan realizarse entre varios países.</li> <li>▪ F- Mellorar a calidade das mobilidades fomentando a transparencia, o recoñecemento mutuo dos títulos, os períodos de formación práctica e a transferibilidade dos créditos que correspondan.</li> <li>▪ G- Apoiar a colaboración entre organizacións públicas e privadas que traballan no campo da educación superior e a formación profesional co fin de fomentar o intercambio de experiencias e apoiar a mobilidade de profesionais entre países.</li> <li>▪ H- Realizar intercambios de recursos educativos entre o persoal docente dos diferentes países.</li> <li>▪ I- Sensibilizar ao persoal e alumnado na necesidade de estar continuamente aprendendo, estando aberto ás novas tendencias dos mercados.</li> <li>▪ J- Fomentar no persoal e no alumnado o sentido da responsabilidade persoal e profesional, respectando os dereitos dos demais e demostrando un espírito de colaboración cos seus compañeiros.</li> <li>▪ K- Fomentar o desenvolvemento integral do persoal e do alumnado.</li> <li>▪ L- Promover a educación emprendedora a través das experiencias empresariais dos socios de acolleita.</li> </ul> | <p><b>Objectives</b></p> <p>Objectives we try to achieve with our mobilities:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ A- Acquire cultural knowledge related to our Professional families of. Catering and Tourism and Sociocultural Services to The Community</li> <li>▪ B- Acquire a complementary training to help the students to incorporate to the working world</li> <li>▪ C- To boost and improve the linguistic knowledge of. students and teachers</li> <li>▪ D- Motivate and stimulate the students community to improve their learning</li> <li>▪ E- To support the collaboration between high grade institutions with those of. vocational training schools, in order to promote joint programs of. studies and mobilities to fulfill among various countries</li> <li>▪ F- To improve the quality of. the mobilities encouraging the transparency, mutually recognizing the validity of. titles, the training periods and the transfer of. credits</li> <li>▪ G- To support the collaboration between the public and private organizations which work in high grade education and the vocational education, to promote the interchange of. experiences and support the mobilities among the teachers in those countries</li> <li>▪ H- To fulfill interchanges of. educational resources between the teachers of. those countries</li> <li>▪ I- To sensitize the staff and the students in the need to be learning continuously , being open to new tendencies in the markets</li> <li>▪ J- To promote the sense of. personal and Professional responsibility in the staff and the students , respecting the others' rights and showing a collaboration spirit with their colleagues</li> <li>▪ K- To promote the integral development of. the staff and the students</li> <li>▪ L- To promote the enterprising education through the business experiences of. the members</li> </ul> |
| <p><b>Grupos da comunidade escolar aos que están dirixidas as mobilidades</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 1- Alumnado dos ciclos superiores de Dirección de Cociña, Dirección de Servizos de Restauración, Xestión de Aloxamentos Turísticos e Educación Infantil.</li> <li>▪ 2- Profesorado que imparta docencia nos ciclos formativos mencionados anteriormente.</li> <li>▪ 3- Persoal non docente do centro susceptible de recibir formación que mellore a súa eficiencia nos labores que realiza no centro.</li> </ul>   | <p><b>Groups of. scholar community to which the mobilities are directed</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 1- Students of. High Grade Kitchen Management, Catering Services Management, Touristic Lodgings Management and Childhood Education</li> <li>▪ 2- Teachers who are teaching in the Vocational Studies mentioned above</li> <li>▪ 3- Non teaching staff able to receive training to improve their efficiency in the tasks they fulfill in their schools.</li> </ul>   |







## 1.8 Metodoloxía para executar proxectos con outros centros / Methodology to fulfill projects with other schools

|  <p>GALEGO</p>  |  <p>ENGLISH</p>  |
|--|---|
| <p>Como Centro Integrado de Formación Profesional, os Proxectos de Innovación, Cooperación, Mobilidades de persoal e alumnado, enmárcanse na Área de Calidade e Innovación, área dependente da Vicedirección quen se encarga de asignar tarefas de apoio ao Departamento de Calidade e Innovación; Departamento no que se integran as coordinacións de Innovación e Formación do profesorado, Programas Internacionais e Tecnoloxías da Información que habitualmente desenvolven os proxectos do noso centro, contando para elo coa lexislación vixente onde se recoñece a autonomía da Dirección para realizar as flexibilizacións horarias necesarias para optimizar o desenvolvemento de ditos programas</p> <p>O noso CIFP centra os seus esforzos na coordinación de proxectos conxuntos con outros centros, apoiándose nunha metodoloxía baseada no traballo en equipo, coordinación, comunicación, establecemento e consolidación de contactos, por tanto as liñas metodolóxicas que utiliza baséanse en:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Traballo en equipo, coordinación e comunicación entre os centros socios para levar a cabo as seguintes funcións/actividades: <ul style="list-style-type: none"> <li>– Planificación do proxecto homoxeneizando criterios e procesos de implementación das actividades.</li> <li>– Organización dun planning de contactos que estableza un intercambio de información mediante correo electrónico, sinalando día e hora da semana para a realización do devandito contacto.</li> <li>– Revisión e actualización da lexislación aplicable en cada caso.</li> </ul> </li> <li>▪ Incorporación do alumnado dos centros implicados no proxecto; sesión de acollida dos distintos participantes e polo tanto na actividade:- Organización e realización dunha xomada de benvida para os distintos os distintos participantes no proxecto.</li> <li>▪ Recollida, organización, xestión, redacción de distinto material e documentación referente ao proxecto, para a realización de:</li> <li>▪ O CIFP insertará o proxecto ao seu plan anual, o que facilitará a difusión á comunidade</li> </ul> | <p>As Integrated Vocational School, the Projects of Innovation, Cooperation, staff and students mobilities, are framed in the Quality and Innovation Area, depending on the VicePrincipal who is in charge of assigning supporting tasks to the Quality and Innovation Departments. In this Department the coordination of teacher Innovation and Training are integrated as well as TICs which usually develop the projects of our school, according to the current rules where the autonomy of the Direction is recognized to organize the necessary timetable to optimize the development of the programs mentioned.</p> <p>Our CIFP focuses its interests in the coordination of mutual projects with other schools, based on a team work, coordination, communication, settling the consolidation of contacts, so the methodologic lines which we use are based on:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Team work, coordination and communication among the different members to fulfill the following activities: <ul style="list-style-type: none"> <li>– Planning the project homogenizing criteria and processes of implementation of activities.</li> <li>– Organizing a contacts plan which makes an information interchange by e-mail, marking the time and day of the week to make the mentioned contact</li> <li>– Checking and updating the applicable rules.</li> </ul> </li> <li>▪ Incorporation of the students to the project, the reception session of the different participants in the activity: Organization and fulfilling a welcome session for the different members of the project</li> <li>▪ Gathering, organization, management, and writing the different materials and documents referred to the project, and the final report</li> <li>▪ The CIFP will include the project in the annual report of the school, what will make easier its spreading to the educational community</li> </ul> |





## 1.9 Impacto esperado da participación no programa / Expected impact of the participation in the program

|  <p>GALEGO</p>   |  <p>ENGLISH</p>   |
|---|--|
| <p>O CIFP Compostela entende a participación no marco do programa Erasmus como unha oportunidade de mellora das aptitudes e competencias do persoal e do alumnado, promovendo proxecto de mobilidade, perfeccionamento profesional e cooperación nun contexto europeo.</p> <p>Por outro lado cremos que a difusión e publicidade que se prevé realizar da nosa experiencia en proxectos europeos, vai influír positivamente na solicitude de acceso as ensinanzas que se imparten no noso centro así como no incremento da demanda, por parte dos empresarios do sector da nosa contorna, dos nosos estudantes para a súa inserción no mercado laboral o que, obviamente, favorecerá o acceso ao seu primeiro emprego</p> <p>Consideramos, así mesmo, que a posibilidade de contactos e colaboracións con profesionais cualificados de formación profesional nas empresas da nosa contorna, é un posibilidade, vantaxe e perspectiva que trataremos de potenciar, así, confiamos na mellora e formación continua da labor docente da nosa comunidade educativa grazas á posibilidade e intercambio de coñecementos e experiencias que contribuirán a optimizar a calidade das nosas ensinanzas e así modernizar, actualizar e perfeccionar a metodoloxía do noso persoal e que poidan realizar mobilidades; sendo un elemento básico para isto incentivar a aprendizaxe permanente e a capacidade de adaptación aos cambios sociais, organizativos e tecnolóxicos, que se manifestan nos sectores produtivos da nosa comunidade.</p> <p>Trataremos, así, de establecer un espazo de cooperación entre o sistema de formación profesional de grado superior, e o contorno produtivo sectorial e local, para desenvolver e estender unha cultura de formación permanente, que contribúa ao prestixio da formación profesional.</p> <p>Finalizar indicando que CIFP entende que o anteriormente exposto servirá para fomentar a igualdade real e efectiva entre sexos, con especial incidencia na erradicación de prexuízos na formación, inserción laboral e traballo e equipo de distintos profesionais.</p> | <p>The CIFP Compostela understands the participation in the Erasmus Program as an opportunity to improve the abilities and skills of the staff and the students, promoting mobility projects, professional improvement and cooperation in an European context.</p> <p>On the other hand we think that spreading and announcing our experience in European Projects, is going to have a big influence in the number of students to join our school and the studies taking part in these mobilities. At the same time the businessmen around our area of influence will be interested too, and the students themselves to start a career in the working world, what will ease their access to their first job.</p> <p>At the same time , we think that the possibility of contacts and collaboration with qualified professionals of vocational training in the companies around our area, are an opportunity which we will try to take and to boost, because we trust in the continuous training and improving the teaching task of our school thanks to the possibility and interchange of knowledge and experiences which will make a better quality of our studies and update and improve the methodology of our staff for the mobilities. A basic element for this is to encourage the permanent learning and the ability to adapt to the social , organizing and technologic changes present in the productive sectors of our society.</p> <p>We will try, this way, to establish an area of cooperation between the High Grade vocational training system and the surrounding working sector, to develop and spread a culture of permanent training, to contribute to the prestige of Vocational training.</p> <p>Ending to indicate that the CIFP understands that the previous ideas will help to promote the real and effective equality between sexes, with special relevance for the prejudice eradication in the training, labour and working team inserction of different professionals.</p> |

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2013

